



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 26-04-2021.**

**Expte: 2021/G010/000004**

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día vinte seis de abril de dous mil vinte e un, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello de xeito extraordinario e urxente.

Asisten os seguintes membros de xeito telemático e presencial (PSdeG-PSOE):

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. Víctor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE)  
Dna. M<sup>a</sup>. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE)  
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE)  
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE), telemático  
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE)  
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V), telemático  
D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema. (A.V), telemático  
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V), telemático  
D. Francisco Trillo Pazos. (A.V), telemático  
D<sup>a</sup>. María Jesús Barbeira Pose. (A.V), telemático  
D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Amigo. (PP), telemático  
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP), telemático

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.  
Interventora acc.: Dna. Rosa María Sánchez Martínez

### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) Sección resolutiva**

1. Pronunciamento do pleno do concello sobre a urxencia.
2. Execución da resolución n.º 86/2021 do TACGAL en relación ao contrato mixto de subministración e obra para a execución do proxecto "renovación del alumbrado exterior del Ayuntamiento de Vimianzo". Expediente TEDeC 2021/C005/000001.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

#### **A) Sección resolutiva**

##### **1º. Pronunciamento do pleno do concello sobre a urxencia.**

A Alcaldesa-Presidenta explica que é pertinente facer este pleno á vista da resolución do TACGAL e o informe de Secretaría xa que o venres que e o día do pleno ordinario, remata o prazo de presentación de ofertas no procedemento de contratación.



Dna. Marta Rey non entende porque se fan dous plenos a mesma semana habendo o ordinario do venres.

Pásase á Votación obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 8 (6 PSdeG-PSOE; 2 PP)

EN CONTRA: 5 (A.V..)

Queda por tanto aprobada a urxencia do pleno.

**2º. Execución da resolución n.º 86/2021 do TACGAL en relación ao contrato mixto de subministración e obra para a execución do proxecto “renovación del alumbrado exterior del Ayuntamiento de Vimianzo”. Expediente TEdC 2021/C005/000001.**

O Secretario da corporación da conta da proposta da alcaldía de data 23/04/2021 que se reproduce a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto: Execución da Resolución número 86/2021 do TACGAL en relación ao contrato mixto de subministración e obra para a execución do proxecto “Renovación del alumbrado exterior del ayuntamiento de Vimianzo”. Expediente TEdC 2021/C005/000001.**

Na sesión plenaria de data 26 de marzo de 2021, aprobouse o expediente de contratación mixta da subministración e obra para a execución do proxecto “Renovación del alumbrado exterior del ayuntamiento de Vimianzo”.

Visto o escrito do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante TACGAL), con RE 20219000000769, de data 20/04/2021, xunto co que notifican a resolución do recurso especial en materia de contratación núm.79/2021 interposto polo concelleiro D. Manuel Antelo Pazos contra os pregos da contratación titulada “contrato mixto de suministro y obra para la ejecución del proyecto denominado Renovación del alumbrado exterior del ayuntamiento de Vimianzo”, al amparo de las ayudas a proyectos singulares de entidades locais que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de Crecimiento sostenible 2014-2020”, expediente 2021/C005/000001, deste Concello.

Vista a proposta de memoria xustificativa da elección dos criterios de adxudicación, que se transcribe literalmente:

**“MEMORIA JUSTIFICATIVA DE LA ELECCIÓN DE LOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO MIXTO DE SUMINISTRO Y OBRA PARA LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO EXTERIOR DEL AYUNTAMIENTO DE VIMIANZO”**

*Por Real Decreto 1890/2008 de 14 de noviembre, se aprobó el Reglamento de Eficiencia Energética en Instalaciones de Alumbrado Exterior (en adelante REEIAE o Reglamento) como un nuevo marco legal conveniente y necesario para abordar el problema de la eficiencia energética en las instalaciones de alumbrado mediante la regulación de los niveles máximos de iluminación de los espacios en función de la actividad que se realiza en ellos, de la incidencia de la iluminación hacia otros espacios y por la exigencia de un nivel mínimo de eficiencia energética para los puntos de luz.*

*Las consecuencias energéticas, lumínicas y económicas que las aplicaciones de este Reglamento podrán representar sobre el actual sistema de alumbrado exterior del municipio, han invitado a este Ayuntamiento a considerar necesario abordar un programa para la adecuación del alumbrado del municipio a este nuevo Reglamento de eficiencia energética en instalaciones de alumbrado exterior.*

*Para abordar estas actuaciones de reforma y adecuación de las instalaciones de alumbrado urbano del municipio al REEIAE, el ayuntamiento ha solicitado una subvención que se rige por las Bases aprobadas por Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, que regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locais que favorezcan el paso a una*



*economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE núm. 144 de 17.06.2017)*

*Consecuencia de lo anterior se ha procedido a contratar la ejecución del proyecto denominado "RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO EXTERIOR DEL AYUNTAMIENTO DE VIMIANZO" a través de un procedimiento abierto de conformidad con lo dispuesto en los artículos 156 y siguientes de la LCSP.*

*En cuanto a los criterios de adjudicación seleccionados están basados en el principio de mejor relación calidad-precio, y serán tanto criterios automáticos como criterios dependientes de juicio de valor. Además de los criterios que tienen una connotación exclusivamente económica, como pueden ser el precio, la ampliación de las garantías o la reducción del plazo de ejecución, dado que se trata de un contrato que pretende conseguir objetivos de eficiencia energética en el alumbrado público, considerara que se deben introducir criterios relacionados con el plan de trabajo propuesto por los licitadores, el plan de mantenimiento, el esquema de seguridad y salud, el plan de control de calidad y el esquema de actuación ambiental, pretendiendo valorar las acciones que contribuyan a mejorar la prestación objeto del contrato, así como garantizar una adecuada ejecución del proyecto. En este caso, se opta por introducir criterios, tales como el precio, el incremento de la garantía, la reducción del plazo, la valoración del plan de trabajo propuesto por los licitadores, el plan de mantenimiento, el esquema de seguridad y salud, el plan de control de calidad y el esquema de actuación ambiental*

*El criterio del precio tiene un peso menos relevante en esta licitación, dado que existe una financiación ajena que garantiza la mayor parte del coste de la obra, lo cual queda detallado en el expediente y en la propia concesión de la subvención. Por eso no se persigue en este contrato conseguir bajas significativas en el precio, pues la minoración del presupuesto no redundaría en beneficio directo del Ayuntamiento sino que supondría una reducción final de la subvención final del IDAE al comprobar la ejecución. En este sentido, se considera más oportuno para el Ayuntamiento, la utilización criterios que tiendan a valorar la calidad en la ejecución del proyecto y el incremento de las garantías mínimas exigidas, a la par que la reducción del plazo de ejecución, lo que redunda en un beneficio claro para la entidad local.*

*Sentado lo anterior se entiende adecuada la ponderación con 45 puntos de los criterios subjetivos dependientes de juicios de valor, concretamente la valoración del plan de trabajo propuesto por los licitadores (30 puntos), el plan de mantenimiento (5 puntos), el esquema de seguridad y salud (2,5 puntos), el plan de control de calidad (5 puntos) y el esquema de actuación ambiental (2,5 puntos) y 55 atribuidos a los criterios automáticos, distribuidos en precio (5 puntos), reducción de plazo (20 puntos) y ampliación del plazo de garantía (30 puntos).*

*Precisa el artículo 145 de la LCSP que:*

*"1. La adjudicación de los contratos se realizará utilizando una pluralidad de criterios de adjudicación en base a la mejor relación calidad-precio.*

*Previa justificación en el expediente, los contratos se podrán adjudicar con arreglo a criterios basados en un planteamiento que atienda a la mejor relación coste-eficacia, sobre la base del precio o coste, como el cálculo del coste del ciclo de vida con arreglo al artículo 148.*

*2. La mejor relación calidad-precio se evaluará con arreglo a criterios económicos y cualitativos." (...)*

*5. Los criterios a que se refiere el apartado 1 que han de servir de base para la adjudicación del contrato se establecerán en los pliegos de cláusulas administrativas particulares o en el documento descriptivo, y deberá figurar en el anuncio que sirva de convocatoria de la licitación, debiendo cumplir los siguientes requisitos:*

*a) En todo caso estarán vinculados al objeto del contrato, en el sentido expresado en el apartado siguiente de este artículo.*



b) Deberán ser formulados de manera objetiva, con pleno respeto a los principios de igualdad, no discriminación, transparencia y proporcionalidad, y no conferirán al órgano de contratación una libertad de decisión ilimitada.

c) Deberán garantizar la posibilidad de que las ofertas sean evaluadas en condiciones de competencia efectiva e irán acompañados de especificaciones que permitan comprobar de manera efectiva la información facilitada por los licitadores con el fin de evaluar la medida en que las ofertas cumplen los criterios de adjudicación. En caso de duda, deberá comprobarse de manera efectiva la exactitud de la información y las pruebas facilitadas por los licitadores.”

En base a lo anteriormente expuesto se entiende que los criterios adoptados son adecuados para introducir en la contratación del proyecto denominado “RENOVACIÓN DEL ALUMBRADO EXTERIOR DEL AYUNTAMIENTO DE VIMIANZO”, toda vez que cumplen con las exigencias de la Ley de Contratos del Sector Público y redundan en el beneficio de la entidad local al asegurar una ejecución de calidad del proyecto, valorando la ampliación de los plazos de garantía y promoviendo una reducción de los plazos de ejecución.”

Visto o informe de secretaría de data 22/04/2021, que se transcribe literalmente: “**INFORME JURÍDICO:**

ASUNTO: EXECUCIÓN RESOLUCIÓN DO TACGAL 86/2021; RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN. 79/2021.

EXPTE. MUNICIPAL: 2021/C005/000001.

#### Antecedentes:

- En sesión plenaria celebrada o 26 de marzo de 2021 apróbase o expediente de contratación de contrato mixto de suministro e obra para renovación do alumbrado exterior cun valor estimado de 1.952.370,64 euros. Dita aprobación derívase da votación a favor de 6 edis con 2 abstenciones e 5 votos en contra do total de 13 membros que lle corresponden a este concello.

- Interponse Recurso Especial en materia de contratación o 12 de abril de 2021 polo edil D. Manuel Antelo Pazos contra o acordo de aprobación dos pregos.

- O 15 de abril de 2021 emítase informe de secretaría preceptivo no seo do procedemento impugnatorio.

- O 20 de abril de 2021 dase traslado da Resolución do TACGAL que estima parcialmente o recurso presentado, desestimando na totalidade as alegacións referidas a aspectos materiais relacionados cos criterios de adxudicación e a mesa de contratación e requirindo se xustifique adecuadamente a elección de ditos criterios retrotraendo o procedemento de contratación.

Con data de 21 de abril de 2021 requírese a esta Secretaría informe en relación coa execución da citada resolución do TACGAL e por tanto emítase á vista da obriga normativa regulada entre outros no artigo 54 do TRRL, 173 do ROF e a Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP.

#### Legislación aplicable.-

A Legislación básica aplicable é a seguinte:

1. - Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (EDL 2014/35497).
- - Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación (EDL 2016/9).
1. - Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017,.
1. - Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas -RGLCAP- (EDL 2001/34761).
2. Código Civil - CC-.
3. Lei 39/2015 de 1 de outubro -LPAC-.
4. Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro -ROF-.



### Consideracións Xurídicas:

**PRIMEIRA.-** É certamente destacable como o TACGAL, á vista do recurso especial e o informe emitido por esta secretaría, desestima por falta de fundamento xurídico as alegacións materiais presentadas naquel, confirmando deste xeito a validez dos criterios de adxudicación obrantes e a súa valoración así como a asistencia de expertos á mesa de contratación; mais, considera que non está adecuadamente xustificada a súa elección polo que estamos ante un vicio convalidable do contido do expediente de contratación.

Estes criterios de adxudicación son similares a contratos do mesmo obxeto e utilizados tanto pola Deputación da Coruña como por este concello conformando o chamado "precedente administrativo" cuxa aplicación non debemos obviar, xa que supón a existencia dunha previa decisión dunha administración pública para un asunto similar e aínda que non constitúe fonte de dereito expresamente, sí que deber ser tido en conta de xeito similar á costume que é consideraba fonte de dereito polo artigo 1.1 do CC.

Dito isto, non cabe máis que dar cumprimento á resolución do tribunal administrativo aprobando con efectos retroactivos un documento xustificativo adecuado (art. 116 da LCSP) da elección dos criterios de adxudicación fixados no PACP que non é obxeto de modificación nin anulación á vista da citada resolución.

A motivación dos actos administrativos entra dentro da potestade discrecional da administración actuante e dado ese carácter, admite alternativas e solucións diversas sempre que sexan conforme a dereito e non vulneren o ordeamento xurídico de aplicación nin os seus principios.

Deste xeito, podemos configurar os límites da motivación que deberá conter dabondo características tales como a transparencia, publicidade e claridade, o que permitirá evidenciar a construción lóxica xurídica das razóns que levaron a adoptar tal decisión e que esta poida ser contravenida con fundamento nun momento postrero de ser necesario.

En base a isto, será o órgano de contratación o que valore a adecuación e suficiencia da xustificación incorporada ó expediente de contratación con efectos retroactivos, considerando este informante que da apreciación integral e conxunta do precedente administrativo e da memoria proposta, esta cumpre cos requisitos esixidos xurisprudencialmente.

**SEGUNDA.-** Á vista da resolución do TACGAL no asunto de referencia hay que ponderar as actuacións a realizar pola administración actuante e concretamente polo órgano de contratación tendo en conta a estimación parcial do recurso interposto que, promove por parte do tribunal a realización da xustificación respecto a elección dos criterios de adxudicación con retroacción de actuacións.

A retroacción debe apreciarse ó amparo do principio do "favor acti" ou conservación de actos administrativos e considerando o disposto con carácter básico no artigo 39 da LPAC (de aplicación subsidiaria á vista da súa Disposición Adicional 1ª e Disposición Final 4ª da LCSP); estaríamos ante unha ficción temporal no seo dun procedemento no que nin se anula documento ou actuación algunha do órgano de contratación, nin se altera ningún elemento sexa esencial ou non dos pregos que rexe a adxudicación deste contrato.

Estaríamos ante un vicio de forma perfectamente convalidable con efectos retroactivos conforme establece o artigo 52 da LPAC.

O defecto formal alegado polo tribunal, non impide a presentación de ofertas con pleno coñecemento dos potenciais licitadores dos criterios de adxudicación cuantitativos e cualitativos a valorar, nin produce indefensión de ningún tipo polo que non sería de aplicación o previsto no artigo 122 e 136 da LCSP en relación á posible ampliación de prazo de presentación de ofertas, xa que non estamos ante unha modificación significativa dos pregos que afecte a:

- clasificación requerida.
- importe e prazo do contrato.
- obrigas do adxudicatario.
- cambio e variación do obxeto do contrato.

De feito, non se anulan ou modifican os pregos sobre os cales se licitará o contrato e se formalizará, polo que non se poden equiparar resolucións dos tribunales administrativos contractuais nas que se anulan ou modifican aspectos esenciais do expediente de contratación e concretamente dos pregos que rexe a licitación, coa actual resolución que alude a unha falta de

xustificación adecuada da elección dos criterios de adxudicación pero sen proscribir o seu contido e demais aspectos alegados no recurso especial, non cabería a analoxía, e dunha interpretación sistemática e teleolóxica en cumprimento do principio de conservación de actos, a consecuencia e adoptar un acordo no senso do disposto no artigo 52 en relación co artigo 39.3 da LPAC.

### **Artículo 52 Convalidación**

1. La Administración podrá convalidar los actos anulables, subsanando los vicios de que adolezcan.
2. El acto de convalidación producirá efecto desde su fecha, salvo lo dispuesto en el artículo 39.3 para la retroactividad de los actos administrativos.

### **Artículo 39 Efectos**

- .....
3. Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.

**TERCEIRA.-** O órgano competente para aprobar a "memoria xustificativa", xa que a lei non fala de motivación senón de xustificación cun nivel de esixencia menor a aquela, sería o Pleno da Corporación, pois o documento debería formar parte do expediente de contratación e dado os efectos retroactivos, todavía non sería efectiva a delegación competencial realizada na Xunta de Goberno Local en sesión celebrada 26 de marzo de 2021.

O amparo legal dada a cuantía do valor estimado do contrato atópase na Disposición Adicional 2ª.2 da LCSP.

Sendo o prazo de finalización de presentación de ofertas o 29 de abril do presente ano, por razóns de seguridade xurídica e para evitar posibles incertidumes ou dudas respecto o iter procedimental, recomendo celebrar o Pleno relativo á aprobación do referido neste informe, antes de dita data polo que o tipo de sesión sería extraordinaria-urxente dacordo ó artigo 79 do ROF ante a imposibilidade temporal de convocar coas debidas antelacións recollidas legalmente.

**CUARTA.-** A memoria xustificativa proposta, de ser aprobada deberá publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación como parte do expediente de contratación dacordo ó previsto no artigo 63.1.a) da LCSP.

### **Conclusión:**

É polo que, dos fundamentos xurídicos e principios expostos que teñen carácter informador do ordeamento xurídico e da actuación dos poderes públicos (art.1.4 do CC), e no senso de garantir amáis o principio de seguridade xurídica, deberá aprobarse a xustificación da elección dos criterios de adxudicación de xeito expreso polo Pleno da corporación como órgano de contratación, retrotaendo a eficacia desta aprobación e inclusión da mesma no expediente de contratación ó momento anterior ó da apertura e anuncio da licitación do contrato sen que sexa pertinente unha nova aprobación do expediente de contratación ou novo prazo de presentación de ofertas xa que non se resolveu anulando documento ou acto algún, senón desestimando as alegacións materiais que afectaban o contido esencial dos criterios de adxudicación.

O Secretario  
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Por todo o exposto, elévase ao Pleno do concello, a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a memoria xustificativa da elección dos criterios de adxudicación do contrato mixto de subministración e obra para a execución do proxecto denominado "Renovación del alumbrado exterior del ayuntamiento de Vimianzo", a incluír no expediente de contratación con efectos retroactivos, con data 26 de marzo de 2021, por ser a de aprobación do citado expediente en sesión plenaria ordinaria.

**Segundo.-** Publicar a memoria xustificativa de elección dos criterios de adxudicación no perfil do contratante deste órgano de contratación e continuar co procedemento de licitación na fase na que se atopa actualmente.



Terceiro.-Dar traslado deste acordo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos oportunos.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)”

O Secretario explica brevemente os feitos máis relevantes e a conclusión que se eleva a acordo plenario.

A Alcaldesa- Presidenta explica que a intención político do recurso presentado é clara xa que ademais foi desestimado na súa totalidade excepto na falla de xustificación da elección de criterios pero non se anulou documento algún.

Continúa afirmando que se busca politizar e boicotear o procedemento, xa que o normal e que se houbera impugnacións están foran de licitadores, non de membros da corporación e menos cando xa había informes favorables dos técnicos da corporación e secretario. Remata lendo partes da resolución do TACGAL e xustificando a realización do pleno antes de que remate o prazo de presentación de ofertas para dar cumprimento canto antes a citada resolución.

Dna. Raquel Rodríguez traslada que prefire escoitar a A.V. antes de consumir o seu turno polo que solicita deixalo para despois e a Alcaldesa-Presidenta previa consulta co secretario dalle o visto bó.

Dna. Marta Rey dí que xa que é a contratación de máis contía do concello de Vimianzo hai que facelo con tódalas garantías e por iso recurriron e se estimou o seu recurso en parte retrotraendo o procedemento polo que habería que volver a debater os criterios de adxudicación. Destaca que é curiosa a comparativa de valoración que se fai no informe de secretaría tendo en conta supostos precedentes e reitera que habería que debater o contido do memoria en relación coa calidade do suministro e o prezo entre outras xa que non é razón para diminuílo que o actuación sexa subvencionada porque estamos a falar de cartos públicos.

Dna. Raquel Rodríguez recorda que preguntou se a contratación adecuábase á normativa e se contestou que sí e vista a resolución do tribunal e o informe de secretaría, non entende que problema hai a non ser que estemos ante un problema político; está claro que hai diferentes posturas e criterios de adxudicación pero iso non pode impedir realizar a obra.

A Alcaldesa-Presidenta dí que parécelle triste o grado de mala fé que vé na oposición, que o seu obxectivo nin é politizar nin complicar a licitación como fixo o Sr. Antelo ó votar en contra para poder recorrer o acordo xa que ningunha empresa se prestou a elo.

Continúa manifestando que non todo vale, que os pregos non son ilegais pois se o fosen así o resolvería o tribunal e ademais estaban apoiados por informe técnico e xurídico e pide respeto por tanto para os técnicos do concello. Reitera que pensa que o obxectivo era tirar abaixo a licitación seguindo na penumbra e como exemplo pon 10 licitacións que fixera o Sr. Antelo nas que nin figuraba memoria xustificativa de elección de criterios de adxudicación e o reparto de puntos foi igual que o que fixeron no presente contrato así como a fórmula utilizada sobre o prezo ofertado.

Remata comentando que están en xogo 2.000.000 de euros e se están a poñer en risco e que en bas a resolución do TACGAL e o informe do secretario estamos ante un defecto formal que hai que solventar cos informes que amparan o acordo que se eleva ó Pleno.

Dna. Raquel Rodríguez dí que non ten nada que engadir.



Dna. Marta Rey replica que se pensaban que as contratacións que cita a alcaldesa non estaban correctas, debería habelas recorrido xa que somos representantes políticos, e o que quere e que esta contratación se faga con tódalas garantías e que valeou 9000 euros que se pagaron a un despacho afín.

A continuación o Secretario a petición da Alcaldesa-Presidenta explica o contido do seu informe incidindo no seu carácter obxectivo sen influencias de ningún tipo.

A Alcaldesa-Presidenta dí que pode garantir que se houbera que anular e volver a aprobar non habería problema pero que desde o punto de vista xurídico non se podía e amáis deixa claro que nunca foi o TACGAL e que o 99% dos recursos que se presentan son de licitadores, non de políticos como é o caso e xa perderon a oposición dúas subvencións. Continúa remarcando que parece que son técnicos, secretarios, interventores e hai que ser moi atrevido para poñer en dúbida o informe do Secretario Municipal e por culpa do recurso estamos innecesariamente no pleno gastando cartos públicos.

Pásase á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

A FAVOR: 8 VOTOS (6 PSdeG-PSOE; 2 PP).  
EN CONTRA: 5 VOTOS (A.V.).

Queda por tanto aprobada a proposta presentada.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:10 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 26 de abril de 2021.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz